

# Morre dun ataque ó corazón a poeta e traductora Xela Arias

VIGO | REDACCIÓN

■ Un ataque ó corazón foi a causa da morte da poeta e traductora Xela Arias, quen morreu na madrugada de onte en Vigo e que será enterrada esta tarde, a partir das 16 horas, no cementerio vigués de Pereiró.

A noticia da desaparición, por inesperada, colleu a contrapé ó mundo cultural galego. Xela Arias naceu en Lugo en 1962 e acaba de publicar en Espiral Maior o seu máis recente poemario, *Intempériome*, que puña fin a sete anos de silencio poético da escritora. O libro foi presentado nestas últimas semanas en diferentes cidades galegas.

Xela Arias protagonizou no final da década dos oiten-

ta e nos primeiros noventa a progresiva incorporación das voces femininas ó panorama literario galego, moi especialmente no ámbito poético, no que os seus libros foron marcando un camiño para a poesía de muller.

Ademais do seu recentísimo *Intempériome*, na carreira poética de Xela Arias figuran títulos como *Tigres coma cabalos*, editado con fotos de Xulio Gil, ou *Darío a diario*, unha reflexión poética adicada ó seu fillo na que desvela as afirmacións e as dúbidas da maternidade.

Meños coñecido, pero non menos intenso foi o seu labor como traductora, no que verqueu para o galego a autores como James Joyce ou Angela Carter, entre outros.